

Escola Municipal de *Golf*

2023
2024



**Rapaces e
rapazas nados/as
entre 2006 e 2013**

*Só empadroados/as
en Oleiros*

OLEIROS
DEPORTE


Concello de
Oleiros

Escola Municipal de Golf

2023
2024

Rapaces e rapazas
nados/as entre
2006 e 2013
(Só empadroados/as
en Oleiros)

Coa posta en marcha do Campo de Golf de Xaz, o Concello de Oleiros ten interese en divulgar e dar a coñecer a práctica do golf entre a poboación en idade escolar do municipio. Para elo, e gracias a un convenio de colaboración entre o propio Concello de Oleiros e as sociedades que xestionan o campo de golf de Xaz, crease a **Escola Municipal de Golf**.

Esta escola deportiva ten por **obxectivo** iniciar aos nosos escolares no deporte do golf ao tempo que se inculcan valores propios da disciplina en particular e do deporte en xeral.

Os contidos básicos a impartir tratarán en primeiro lugar as *regras básicas* do golf, tanto as propias do xogo como as denominadas de “*etiqueta*” (comportamento e conductas a ter en conta). En segundo lugar contidos técnicos relacionados co denominado *xogo corto* e *xogo longo* (Approach, Putt, Drive, Ferros, Golpes a green). E en terceiro lugar aspectos como a *visualización* do golpe, entendido como o proceso de imaxinar o voo da bola antes de golpear, e a *propiocepción* e o *control postural*, fundamental para conseguir movementos coordinados no golpeo.

Como todo proceso de iniciación deportiva a **metodoloxía** caracterizarase pola utilización do xogo como unha ferramenta esencial do proceso de aprendizaxe, que deberá ser adaptado ás diferentes idades ás que irá dirixida a escola.

O **programa** de actividade terá lugar no Campo de Golf de Xaz dende outubro de 2023 ata xuño de 2024, coincidindo sempre as súas sesión co calendario escolar. O coste da actividade será de 17€/mes para dúas sesións e de 8€/mes para unha sesión semanal.

A **estrutura** do curso organízase en **8 quendas** de 45 minutos/sesión de duración cada unha. Pódese escoller entre un ou dous días

Horarios dispoñibles:

- 1 • Luns 16:30 a 17:15 horas
- 2 • Luns 17:15 a 18:00 horas
- 3 • Martes de 16:30 a 17:15 horas
- 4 • Martes de 17:15 a 18:00 horas
- 5 • Mércores 16:30 a 17:15 horas
- 6 • Mércores 17:15 a 18:00 horas
- 7 • Xoves de 16:30 a 17:15 horas
- 8 • Xoves de 17:15 a 18:00 horas

O Concello de Oleiros aportará o material necesario para a actividade.

Proceso de nova inscrición de prazas vacantes e sistema de pagamento:

O prazo de nova inscrición de prazas vacantes comezará o **3 de xullo** a partir das 10:00h. por orde de rexistro na SEDE ELECTRÓNICA.

O sistema de pagamento será por medio de domiciliación bancaria. O documento para realizar este trámite enviarase a persoa interesada ao correo electrónico facilitado na inscrición unha vez se confirme a admisión no curso.

As inscricións deberán realizarse a través da SEDE ELECTRÓNICA do Concello de Oleiros.

